



LUDOTECA MUNICIPAL  
CURSO 2020/2021

**INFORMACIÓN DE INTERESE**

**A ludoteca é un espazo para o xogo.** Un servizo lúdico educativo dirixido a nenos/as do concello de Porto do Son, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

**Condições de hixiene e recomendacións en materia de prevención fronte á covid-19:**

1. Os nenos e nenas que teñan febre, tose ou outra sintomatoloxía asociada ao covid-19, non acudirán ao centro.
2. Recomendado o uso de máscara de protección a partir dos 3 anos de idade e obrigatorio a partir dos 6 anos.
3. Antes da entrada será obrigatorio realizar unha adecuada hixiene de mans, que se repetirá varias veces durante a xornada e ao finalizar as actividades.
4. Recoméndase traer un calzado exclusivo para o centro ou o uso de calcetíns con sola antideslizante.
5. A entrega e recollida dos nenos/as realizarase por unha soa persoa, que non deberá acceder as aulas.
6. Queda prohibido compartir alimentos, bebida, utensilios e outros obxectos durante a merenda.
7. Os nenos e nenas recibirán as indicacións oportunas para o uso dos xogos e xoguetes dentro do centro, así como do material de manualidades.

Todas estas medidas, recollidas no Protocolo de actuación para as escolas infantís 0- 3 fronte ao coronavirus aplicable a escolas infantís, casas niño, puntos de atención á infancia, espazos infantís e ludotecas (02/09/2020 – Consellería de Política Social), quedan suxeitas aos cambios normativos que podan producirse.

**CONTACTO**

Ludoteca Municipal de Porto do Son

Telf. 981767589

[omix@portodoson.gal](mailto:omix@portodoson.gal)



## GRUPOS E HORARIO

Nenos/as de 6 a 12 anos:

Luns, Martes ou Mércores (a escoller un dos días)

Nenos/as de 3 a 5 anos:

Xoves ou Venres (a escoller un dos días)

Horario: **de 16.30 a 19.30 horas.**

## INSCRICIÓN

Para ser usuario/a da ludoteca será preciso que o pai/nai ou titor/a do menor (ou persoa delegada) entregue o formulario de inscrición debidamente cuberto na ludoteca, en horario de mañá de 10.00 a 14.00 horas, ou na sede electrónica do Concello, xunto coa seguinte documentación (modelo facilitado no Anexo I):

- Autorización para a participación en actividades organizadas polo centro en colaboración con outros servizos/entidades, e de ser preciso, os desprazamentos dentro do termo municipal.
- Autorización para toma de fotografías e/ou material audiovisual.
- Autorización para incluír o teléfono de contacto nun grupo de difusión de novas do centro.
- Declaración responsable de condicións de saúde do neno/a e aceptación das condicións de hixiene e prevención fronte á covid-19.

O prazo de inscrición abrírase o **luns 5 de outubro** ata completar prazas en cada grupo establecido. De darse o caso, existirá lista de espera para cubrir posibles baixas ao longo do curso.

As prazas serán outorgadas por orde de inscrición.

\* Aceptarase un máximo de tres solicitudes por persoa.

**Inicio do curso na LUDOTECA: XOVES 8 DE OUTUBRO**